


- 1- Río Picón
- 2- Cruceiro de Picón
- 3- Carballeira de Santa Cristina
- 4- Carrilleira
- 5- Marco Xeodésico
- 6- Corredoira de Astrar
- 7- Muiños de Astrar
- 8- A Rúa / fonte



Distancia: 9,10 km  
 Distancia lineal: 9,13 km  
 Altura máxima: 439 mt.  
 Altura mínima: 261 mt.  
 Pendente máxima: 17,44 %  
 Pendente mínima (baixada): -14,57 %

## 1. INTRODUCCIÓN

O Concello de O Pino presenta o proxecto de creación da “Ruta do Picón” que discorre pola parroquia de Arca, poñendo en valor fermosos lugares de interese cultural e gran beleza paisaxística.

Esta ruta pretende ser un agradable percorrido polos lugares máis emblemáticos desta parroquia de O Pino, creando unha senda que pasa pola contorna dun dos pazos máis importantes do municipio, o Pazo de O Picón que da nome a esta senda, ademais de conducir ao sendeirista polo núcleo histórico de A Rúa e os Muiños de Astrar. Este roteiro pasa ademais por magníficas paraxes naturais como son os espazos naturais e forestais do Pazo do Picón, a Carballeira de Santa Cristina ou o punto xeodésico de Arca, coñecido popularmente como “O Marco”.

Valoración Mide (Método de información de excursións)

Medio

1 | 2 | **3** | 4 | 5

Itinerario


1 | 2 | 3 | **4** | 5

Desprazamento

1 | 2 | **3** | 4 | 5

Esfuerzo

1 | **2** | 3 | 4 | 5





## Rutas

Para describir as rutas, empregaremos criterios estándar de catalogación e deseño de rutas, para facilitar aos lectores do proxecto a interpretación da mesma e darlle un contido internacionalmente recoñecido.

Empregaranse os criterios terminolóxicos da Federación Española de Montaña e Escalada (FEDME), da Federación Galega de Montañismo e do Método de Información De Excursións (MIDE) para a determinación dos parámetros principais de clasificación da ruta.

O sistema MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as esixencias técnicas e físicas dun percorrido. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das sendas. A valoración faise de 1 a 5 puntos tendo en conta os seguintes criterios:

### Severidade do medio natural

Exento de riscos.

Hai máis dun factor de risco na ruta.

Varios factores de risco.

Bastantes factores de risco.

Moitos factores de risco.



## OBXECTIVOS

O principal obxectivo deste proxecto é dar a coñecer a riqueza patrimonial da parroquia de Arca dentro do Concello de O Pino e a posta en valor da súa contorna natural, creando unha senda que proporcione un interesante e agradable percorrido por esta zona.

A Ruta do Picón enlaza co Camiño Francés a Santiago, dado que o obxectivo do proxecto "Rede de Sendas de O Pino" trata de crear unha serie de roteiros interconectados entre eles ou ben co Camiño de Santiago e Via Romana XIX que ofrezan unha ampla oferta de rutas para os amantes do sendeirismo.

Preténdese converter esta senda, na cal hoxe en día moitos dos camiños polos que discorre se atopan semiabandonados, nun lugar de referencia e recuperación dos



espazos naturais e forestais de maior beleza no Concello de O Pino.

A Ruta do Picón, contemplada neste proxecto ten unha finalidade lúdica, cultural e deportiva, e está dirixida, tanto a familias, grupos de persoas amantes da natureza, como a escolares ou peregrinos/as que queiran coñecer os recunchos máis fermosos do Concello de O Pino e o seu patrimonio.

## 2. DESCRICIÓN DO TRAZADO

### SITUACIÓN

A senda "Ruta do Picón" discorre pola parroquia de Arca, capital municipal deste Concello. Para chegar a este lugar, dende Santiago de Compostela, cóllese a N-547 dirección Arzúa que leva ata Arca- Pedrouzo. Neste lugar cóllese un desvío sinalizado á dereita que conduce á Rúa, punto de inicio deste roteiro.



Dende o punto de inicio no lugar de A Rúa, a ruta continúa polos lugares de O Picón, O Marco e Astrar para volver de novo ao punto de partida, dado que se trata dunha senda circular.



## Orientación no itinerario

Camiños e cruzamentos ben definidos.

Existe traza clara de camiño e sinalizacións.

Esixe a identificación de accidentes xeográficos e puntos cardinais.

Non existe traza sobre o terreo nin seguridade de contar con puntos de referencia.

O itinerario está interrompido por obstáculos que hai que bordear.



## Dificultade no desprazamento

Marcha por superficie lisa.

Camiños con diversos firmes.

Marcha por sendas escalonadas ou terreos irregulares.

É preciso o uso das mans ou saltos sobre o terreo.

Require o uso das mans para a progresión.



## Cantidade de esforzo necesario

Ata 1 hora de marcha

De 1-3 horas de marcha

De 3-6 horas de marcha

De 6-10 horas de marcha

Máis de 10 horas de marcha

## LONXITUDE DA SENDA

Trátase dun sendeiro circular duns oito quilómetros e medio de lonxitude que debido á súa lonxitude e ás



características do terreo polo que pasa, cortando en varios puntos cunha pendente considerable, pode catalogarse como de dificultade media-alta.

O punto de partida deste sendeiro sitúase en A Rúa (42°54'46, 8°21'13) e pasa polos lugares de O Picón, O Marco e Astrar para volver ao punto de inicio.

Como pode observarse no seguinte plano da senda, a ruta é circular e conta cunha pequena derivación que leva ata O Marco, fermoso miradoiro natural que non pode deixarse á marxe neste percorrido.

Este sendeiro permite a súa realización por medio de varias posibilidades, tanto a pé, como a cabalo ou en bicicleta.

O tempo aproximado de duración do percorrido é dunhas tres horas e media a pé, tres horas a cabalo e dúas horas e media en bicicleta, aproximadamente.

## PUNTOS DE INTERESE NATURAL

### • CARBALLEIRA DE SANTA CRISTINA.

Fermosa carballeira con árbores de gran porte situada nas inmediacións do Pazo do Picón.

### • O MARCO.


Punto xeodésico de maior altitude no Concello de O Pino dende o cal se observa unha impresionante panorámica dos Concellos limítrofes de Santiago de Compostela, Boqueixón, Touro, Arzúa, Frades e Oroso entre outros.

### • CORREDOIRA DE ASTRAR.

Fermosa corredeira, hoxe en día en desuso e cuberta de vexetación que une os lugares de Astrar e A Rúa. Esta corredeira discorre pola marxe de dous muiños en estado abandonado.

### • CORREDOIRA DO PICÓN.

Corredeira de gran beleza que serve como nexo de unión entre o Pazo do Picón e a Carballeira de Santa Cristina.



- **REGATO DO PICÓN**
- **DIVERSAS ÁRBORES SINGULARES DE GRAN PORTE.**


Ao longo do percorrido atópanse carballos, e eucaliptos de gran porte que visualmente resultan chamativos para o sendeirista.

## PUNTOS DE INTERESE PATRIMONIAL

- **PAZO DO PICÓN.**

O Pazo do Picón que dá nome a este sendeiro é un dos principais puntos de interese deste percorrido. A pesar de ser de propiedade privada -e polo tanto non visitable- esta ruta discorre polos arredores do mesmo, dende onde pode divisarse a maxestade e beleza desta emblemática construción do século XVII.

- **CRUCEIRO DO PICÓN**
- **MUÍÑOS DE ASTRAR**
- **NÚCLEO DE A RÚA E FONTE DE A RÚA**




## DESCRINCIÓN DO PERCORRIDO

A Ruta do Picón comeza na aldea de A Rúa. Iníciase por un camiño entre leiras para adentrarse no monte que sobe ao Pazo do Picón.

Crúzase o Rego do Picón, onde é preciso instalar unha pequena pasarela de madeira sobre o rego para facilitar o paso dos sendeiristas. Tras percorrer un camiño con fermosos carballos a ambos lados, chégase ó Pazo do Picón.

Esta propiedade é privada e non visitable, sen embargo, a través do sendeiro deseñado poden observarse as dependencias desta fermosa construción do século XVII. Continuando polos arredores do mesmo, o camiño desemboca nunha encrucillada, ao carón da cal se sitúa o cruceiro do Picón, propiedade dos donos do pazo.



No cruzamento mencionado, cóllese á esquerda e séguese por entre as dependencias dos caseiros do pazo, para continuar de novo á esquerda por unha fermosa corredeira que conduce ata a Carballeira de Santa Cristina.





Nesta carballeira atópanse árbores de gran porte que fan deste espazo unha fermosísima contorna para o descanso.

Dende aquí continúase por un tramo de bosque con sombra que vai en sentido ascendente ata un lugar coñecido como “A Carrilleira”.

Neste lugar tórcese á dereita para continuar ata chegar a unha pista máis ancha que leva a unha zona coñecida popularmente como “eucalipto grande”, dado que existía un exemplar desta especie moi coñecido polas súas dimensións. Aínda que esta primitiva árbore xa desapareceu, no seu lugar existen outros eucaliptos igualmente de gran tamaño.

Ao acabar esta pista forestal máis ancha, chégase ata unha encrucillada

de camiños onde se debe coller á dereita. Tras percorrer uns 200 metros hai que torcer de novo á dereita por un camiño de considerable pendente de aproximadamente 300 metros de lonxitude que leva ata o punto xeodésico, coñecido como “O Marco”. Merece a pena contemplar dende este punto as fermosas vistas panorámicas que este lugar ofrece dos concellos limítrofes con O Pino. Neste punto propónse a instalación dun pequeno miradoiro cun panel interpretativo dos lugares que se divisan dende ese lugar.

Para continuar a senda é preciso voltar sobre os nosos pasos ata chegar de novo ao inicio da pista na que -tras camiñar outros 300 metros aproximadamente- débese coller á esquerda para adentrarse nunha zona de monte na cal, a través

dunha pista forestal de aproximadamente un quilómetro, chégase a outra pista de terra que leva ata o núcleo de Astrar.

Atravésase o núcleo de Astrar e continúase por unha corredeira duns 400 metros, hoxe en día abandonada, que discorre pola marxe dereita de dous muíños que se atopan en estado de abandono.

Ao rematar a corredeira o camiño torce á esquerda para desembocar nunha pequena pista asfaltada, pola que só se camiñarán uns 120 metros ata cruzarse co Camiño Francés a Santiago, por unha pista que pasa por unha zona boscosa.

A senda continúa pola polo mesmo trazado que o Camiño Francés ata chegar ó núcleo de A Rúa onde atopamos o punto de partida e ponse punto e final a este roteiro.

Para máis información, como mapas da ruta, descarga de trazados para o gps, waypoints, etc., visite:

[www.patrimoniodeopino.es](http://www.patrimoniodeopino.es)